

A VIOLENCIA DE XÉNERO

NAS

PUBLICACIÓNS

CIENTÍFICAS

25 de novembro de 2019

Ana B. Martínez Piñeiro

Presentación

Metodoloxía

As publicacións ao longo do tempo

Distribución por países

Ámbitos temáticos

Palabras clave emplegadas

A violencia de xénero nas publicacións científicas galegas

Publicacións destacadas

Índice de táboas e gráficas

1. PRESENTACIÓN

A Universidade de Vigo, a través da súa Unidade de Igualdade, pon en marcha, en setembro de 2019, un programa de actividades de concienciación sobre a violencia de xénero dirixido á comunidade universitaria e á sociedade en xeral. Esta actividade, coa que colabora a Biblioteca Universitaria, recibe o nome de Bibliolab e achéganos a lacra da violencia contra as mulleres a través dunha serie de libros publicados recentemente mediante faladoiros nos que o público poderá escoitar as súas autoras e/ou persoas relacionadas coa súa edición. Ademais, a Biblioteca Universitaria organiza unha serie de mostras bibliográficas relacionadas coa violencia de xénero.

Nese contexto, queremos abordar este tema desde outro punto de vista, o da investigación. Presentamos neste estudo unha análise das publicacións científicas relacionadas coa violencia exercida sobre as mulleres indexadas en tres bases de datos bibliográficas: Web of Science (WOS), Scopus e Dialnet.

Analizamos a evolución no tempo do número de publicacións relacionadas con este tema, os ámbitos científicos que o abordan, os países que publican un maior número de traballos, os traballos procedentes de institucións de investigación galegas e as palabras clave que aparecen con más frecuencia. Para finalizar, destacamos os traballos más citados neste ámbito a nivel internacional, as publicacións procedentes da Universidade de Vigo recollidas en WOS e Scopus e os documentos en galego recollidos na base de datos Dialnet.

2. METODOLOXÍA

Fontes

Bases de datos da Web of Science

A Web of Science (WOS) é unha base de datos bibliográfica internacional e multidisciplinar que inclúe as seguintes coleccións: Science Citations Index, Social Science Citation Index, Arts & Humanities Citation Index, Conference Proceedings Citation Index-Science (CPCI-S), Conference Proceedings Citation Index-Social Science & Humanities (CPCI-SSH), Book Citation Index- Science (BKCI-S), Book Citation Index-Social Sciences & Humanities (BKCI-SSH) e Emerging Sources Citation Index (ESCI). Para este estudio empregamos tamén outras bases de datos ás que temos acceso desde Web of Science: Current Contents Connect, Derwent Innovation Index, KCI-Korean Journal Database, Medline, Russian Science Citation Index e Scielo Citation Index.

Scopus

Scopus é unha base de datos bibliográfica internacional e multidisciplinar que recolle información sobre case 70 millóns publicacións científicas de diferentes editoriais e tipos (artigos, comunicacións, capítulos, monografías...)

Dialnet

Dialnet defíñese como "un dos meirandes portais bibliográficos do mundo, cuxo principal cometido é dar maior visibilidade á literatura científica hispana". Dialnet recolle máis de 5 millóns de referencias de documentos publicados en España en calquera idioma e en español en calquera lugar do mundo.

Indicadores

Número de documentos por año de publicación

A finalidade deste indicador é amosar a evolución no tempo do número de publicacións relacionadas coa violencia machista.

Número e porcentaxe de documentos por país

Observamos a distribución xeográfica das publicacións tendo en conta o país ao que pertence a institución de cada unha das persoas que asinan as publicacións.

Número de documentos por ámbito

Para estudar a interdisciplinariedade da temática que estamos a tratar, presentamos o número de documentos publicados segundo o ámbito temático no que está clasificada a revista ou monografía dentro da base de datos correspondente.

Número de citas recibidas

Este número indica o total das citas recibidas polo artigo nas bases de datos Web of Science e Scopus.

Ámbitos do estudo

As buscas nas bases de datos realizáronse entre o 20 e o 27 de setembro de 2019.

Criterios de busca:

- Para a evolución das publicacións no tempo, establecemos como límite temporal o ano 2018.
- Termos de busca en WOS e Scopus: "gender violence" OR "macho violence" OR "violence against women" OR "sexual violence" OR "sexual harassment" OR "couple violence" OR "feminicid*" OR "femicid*".
- Termos de busca en Dialnet: "violencia de genero" OR "violencia machista" OR "violencia contra las mujeres" OR "violencia contra la mujer" OR "violencia sexual" OR "acoso sexual" OR "abuso sexual" OR "violencia en la pareja" OR "violencia familiar" OR "feminicid*" OR "femicid*". Para a

evolución das publicacións ao longo do tempo, engadimos ademais esta mesma busca en inglés, galego, catalán, euskera e francés.

- Campos de busca:
 - En WOS: tema (título, resumo, palabras clave de autor/a e palabras clave do índice)
 - En Scopus: título do artigo, resumo e palabras clave
 - En Dialnet: sen limitación de campo
- En Scopus, limitamos os resultados prescindindo das publicacións indexadas no ámbito Agricultural and Biological Science, xa que devolvían resultados que non estaban relacionados coa temática da nosa busca.

3. AS PUBLICACIÓNS AO LONGO DO TEMPO

En Dialnet localizamos a publicacións máis antiga, un artigo de 1901 da *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, titulado *Un caso histórico de abuso sexual*. En Scopus o artigo máis antigo é de 1961, publicado na revista *The Lancet (Crimes of sexual violence)* e en WOS temos que agardar ata 1966 para localizar o artigo titulado *Organic dimension of crime* publicado en *Archives of General Psychiatry*.


Tanto en Scopus como en WOS a partir do ano 1980 comeza o crecemento continuo do número de publicacións, pero é o ano 1992 cando se produce un salto significativo que dá comezo a un aumento continuo de publicacións relacionadas coa violencia de xénero. Dialnet amosa un crecemento máis irregular pero mesmo así pasa dos 2 traballoso publicados en 1992 a 925 en 2017.

Amosamos a continuación unha táboa que recolle o número de documentos indexados en cada base de datos por ano de publicación e unha gráfica ilustrativa do crecemento das publicacións desde 1992.

Táboa 1. Número de documentos relacionados coa violencia de xénero indexados en Web of Science, Scopus e Dialnet, por ano de publicación

Ano	WOS	Scopus	Dialnet	Ano	WOS	Scopus	Dialnet
1901	0	0	1	1995	335	236	37
1961	0	1	0	1996	318	267	34
1966	1	0	0	1997	252	222	25
1972	1	1	0	1998	310	313	36
1973	2	4	0	1999	343	325	69
1975	2	1	0	2000	302	305	139
1976	1	0	0	2001	297	328	121
1977	1	1	0	2002	352	367	123
1978	4	4	0	2003	389	411	225
1979	9	3	0	2004	394	433	258
1980	22	12	0	2005	430	457	508
1981	53	17	0	2006	493	492	436
1982	36	19	0	2007	497	513	527
1983	36	22	0	2008	639	608	456
1984	36	29	0	2009	748	636	586
1985	31	21	2	2010	801	736	618
1986	49	34	0	2011	910	865	562
1987	47	29	2	2012	917	879	683
1988	40	39	0	2013	1021	1085	691
1989	61	54	3	2014	1270	1326	765
1990	56	60	6	2015	1478	1383	828
1991	81	68	11	2016	1702	1433	875
1992	212	153	2	2017	1940	1621	925
1993	276	199	18	2018	2354	2077	864
1994	268	219	20	TOTAL	19817	18308	10883

Gráfica 1. Evolución anual dos documentos relacionados coa violencia de xénero indexados en Web of Science, Scopus e Dialnet a partir de 1992




4. DISTRIBUCIÓN POR PAÍSES

Nas bases de datos internacionais WOS e Scopus a maior porcentaxe de documentos sobre violencia de xénero procede de institucións estadounidenses. Cómpre dicir que esta maioría repítense para calquera dos ámbitos temáticos que recollen as dúas bases de datos.

Tendo en conta esta premisa, é interesante observar que países son os que producen máis artigos sobre violencia de xénero e, sobre todo, se existe algúnsha diferenza entre a súa porcentaxe sobre o total de artigos desta temática e a porcentaxe da totalidade das súas publicacións sobre a totalidade das publicacións recollidas na mesma base de datos. Se observamos os 25 primeiros países segundo o número de documentos recollidos en WOS e Scopus, coinciden todos agás Arxentina, que aparece situada no posto 26 en WOS (con 107 publicacións) pero temos que descender ata a 44^a posición para localizalo en Scopus, con 45 publicacións, e Irán, que aparece situado na 23^a posición en Scopus pero en WOS ocupa o posto 37 con 71 publicacións.

Gráfica 2. Distribución por países das publicacións sobre violencia machista indexadas en Scopus



En Scopus tamén podemos observar as diferenzas entre a porcentaxe de documentos sobre violencia de xénero e a porcentaxe de documentos na totalidade da base de datos para os 25 países cun maior número de publicacións indexadas. O caso más destacado é o de Estados Unidos: mentres que a porcentaxe das súas publicacións sobre a totalidade das publicacións indexadas en Scopus alcanza o 27%, no caso das publicacións relacionadas coa violencia de xénero a porcentaxe elévase ao 40%. No extremo contrario, as publicacións sobre violencia de xénero producidas por autores e autoras vinculadas a institucións chinesas só acada o 0,56% do total, mais no conxunto dos ámbitos temáticos esta porcentaxe acada máis do 9%.

Táboa 2. Número e porcentaxe de documentos relacionados coa violencia de xénero indexados en Scopus por país de filiación de autores e autoras, número e porcentaxe da totalidade dos documentos e diferenza entre as dúas porcentaxes

País	Número de documentos sobre violencia de xénero	Porcentaxe	Número total de documentos	Porcentaxe sobre o total	Diferenza de porcentaxes
United States	7275	39,74%	18503544	26,82%	12,92%
United Kingdom	1673	9,14%	5229535	7,58%	1,56%
Canada	1134	6,19%	2428037	3,52%	2,68%
Australia	859	4,69%	1799708	2,61%	2,08%
Brazil	768	4,19%	1072574	1,55%	2,64%
Spain	674	3,68%	1628783	2,36%	1,32%
South Africa	540	2,95%	368414	0,53%	2,42%
India	428	2,34%	2099048	3,04%	-0,70%
Germany	365	1,99%	4386066	6,36%	-4,36%
Sweden	324	1,77%	939574	1,36%	0,41%
France	311	1,70%	2881873	4,18%	-2,48%
Mexico	255	1,39%	371707	0,54%	0,85%
Italy	232	1,27%	2321728	3,36%	-2,10%
Switzerland	229	1,25%	974956	1,41%	-0,16%
Netherlands	217	1,19%	1302736	1,89%	-0,70%
Turkey	179	0,98%	653197	0,95%	0,03%
Israel	177	0,97%	553963	0,80%	0,16%
Norway	165	0,90%	414049	0,60%	0,30%
New Zealand	148	0,81%	325572	0,47%	0,34%
Nigeria	143	0,78%	123595	0,18%	0,60%
Belgium	130	0,71%	698757	1,01%	-0,30%
Colombia	109	0,60%	114313	0,17%	0,43%
Iran	104	0,57%	572549	0,83%	-0,26%
China	103	0,56%	6516895	9,44%	-8,88%
Japan	102	0,56%	4032998	5,84%	-5,29%

En Dialnet, a maioría das publicacións indexadas proceden de institucións españolas, polo que non sorprende que máis do 80% das publicacións relacionadas coa violencia de xénero sexan asinadas por persoas procedentes delas. A continuación e a moita distancia, sitúanse Colombia (4%), México (3,43%), Arxentina (2,88%), Brasil (2,15%), Chile (1,75%), Venezuela (0,75%), Uruguai (0,74%), Perú (0,72%), Estados Unidos (0,68%), etc.

5. ÁMBITOS TEMÁTICOS

A violencia de xénero non é un tema que se aborde nas publicacións científicas desde un único campo de estudo. Comprobámolo se observamos as categorías temáticas nas que as bases de datos clasifican as publicacións que indexan relacionadas con este tema.

Táboa 3. Categorías de Web of Science nas que a base de datos clasifica as publicacións relacionadas coa violencia de xénero. Nesta táboa recollemos as 30 áreas con maior número de documentos

Áreas de investigación	Número de documentos	Porcentaxe sobre o total
PSYCHOLOGY	7823	39,48
BEHAVIORAL SCIENCES	6765	34,14
CRIMINOLOGY PENOLOGY	5621	28,37
SOCIOLOGY	4825	24,35
HEALTH CARE SCIENCES SERVICES	3481	17,57
PUBLIC ENVIRONMENTAL OCCUPATIONAL HEALTH	3224	16,27
GOVERNMENT LAW	3185	16,07
WOMEN S STUDIES	2763	13,94
PEDIATRICS	2630	13,27
SOCIAL SCIENCES OTHER TOPICS	2452	12,37
SOCIAL ISSUES	2089	10,54
EDUCATION EDUCATIONAL RESEARCH	1870	9,44
WOMEN APOS S STUDIES	1750	8,83
PSYCHIATRY	1662	8,39
DEMOGRAPHY	1649	8,32
FAMILY STUDIES	1598	8,07
REPRODUCTIVE BIOLOGY	1568	7,91
BUSINESS ECONOMICS	1472	7,43
SOCIAL WORK	1081	5,46
GENERAL INTERNAL MEDICINE	1051	5,30
NURSING	920	4,64
MATHEMATICS	877	4,43
OBSTETRICS GYNECOLOGY	841	4,24
INFECTIOUS DISEASES	799	4,03
PATHOLOGY	781	3,94
COMMUNICATION	694	3,50
PUBLIC ADMINISTRATION	694	3,50
ANTHROPOLOGY	683	3,48
LEGAL MEDICINE	642	3,24
RESEARCH EXPERIMENTAL MEDICINE	608	3,09

Táboa 4. Áreas de Scopus nas que a base de datos clasifica as publicacións relacionadas coa violencia de xénero

SUBJECT AREA	Número de documentos	Porcentaxe sobre o total
Social Sciences	8800	48,07%
Medicine	7381	40,32%
Psychology	3814	20,83%
Arts and Humanities	2287	12,49%
Nursing	842	4,60%
Business, Management and Accounting	707	3,86%
Economics, Econometrics and Finance	311	1,70%
Health Professions	210	1,15%
Neuroscience	180	0,98%
Environmental Science	153	0,84%
Biochemistry, Genetics and Molecular Biology	143	0,78%
Engineering	143	0,78%
Computer Science	133	0,73%
Multidisciplinary	113	0,62%
Pharmacology, Toxicology and Pharmaceutics	109	0,60%
Immunology and Microbiology	84	0,46%
Dentistry	45	0,25%
Decision Sciences	40	0,22%
Earth and Planetary Sciences	37	0,20%
Mathematics	27	0,15%
Veterinary	16	0,09%
Materials Science	14	0,08%
Chemistry	13	0,07%
Energy	13	0,07%
Physics and Astronomy	12	0,07%
Chemical Engineering	6	0,03%
Undefined	248	1,35%

Táboa 5. Ámbitos de Dialnet nos que están clasificadas as publicacións sobre violencia de xénero

Ámbito	Número de documentos	Porcentaxe
Ciencias sociais	3328	34,12%
Ciencias xurídicas	3167	32,47%
Psicoloxía e educación	1691	17,34%
Ciencias da saúde	770	7,90%
Humanidades	586	6,01%
Filoloxías	318	3,26%
Economía e empresa	170	1,74%
Arte	121	1,24%
Tecnoloxías	58	0,59%
Ciencias básicas e experimentais	36	0,37%
Xeociencias. Medio ambiente	16	0,16%
Agricultura e alimentación	13	0,13%
Ciencias biolóxicas	12	0,12%
Sen adscrición	869	8,91%

6. PALABRAS CLAVE EMPREGADAS

Nas bases de datos bibliográficas a cada publicación indexada asignánselle palabras clave que describen o contido e que teñen como finalidade facilitar a recuperación da información. Nalgúns casos, empregan as palabras clave que as propias autoras e autores inclúen nas súas publicacións, e noutros utilizan índices propios.

Analizamos as palabras clave empregadas nas bases de datos Scopus e Dialnet, sen ter en conta os descritores xeográficos e aqueles que se refiren ao tipo de documento (termos como artigo, entrevistas, etc.).

En Scopus destacan as referencias ao acoso e abuso sexual (*sexual harassment, sexual violence, sexual crime*), á adolescencia (*adolescent, young adult*) e ás diferentes formas de referirse á violencia exercida sobre as mulleres, con expresións como *partner violence, domestic violence, spouse abuse, violence against women, intimate partner violence*...

En Dialnet os descritores que aparecen con maior frecuencia, en distintos idiomas, son "violencia de xénero", "violencia contra as mulleres", "abuso sexual", "violencia doméstica", "violencia sexual", "malos tratos", "prevención" e "feminicidio".

Táboa 6. As 50 palabras clave más empregadas en Scopus para describir as publicacións relacionadas coa violencia de xénero

Palabra clave	Número de documentos	Palabra clave	Número de documentos
human	8176	intimate partner violence	1028
female	6545	risk factors	1022
humans	5777	spouse abuse	1019
male	4190	victim	1016
adult	4120	women's health	880
sexual harassment	3252	women	840
violence	3029	sexuality	784
sexual violence	2842	human relation	749
adolescent	2401	crime victims	734
domestic violence	1832	sexual assault	679
partner violence	1783	legal aspect	665
sexual crime	1630	interpersonal relations	656
middle aged	1621	pregnancy	656
young adult	1569	human rights	645
rape	1422	socioeconomic factors	641
sex offenses	1386	socioeconomics	633
Psychology	1381	mental health	632
prevalence	1376	HIV infection	620
Psychological aspect	1245	sex difference	617
risk factor	1204	battered woman	604
violence against women	1132	aged	599
sexual behavior	1127	battered women	576
gender	1109	health survey	558
sexual abuse	1078	education	535
child	1049	risk assessment	532

Táboa 7. As 50 palabras clave más empregadas en Dialnet para describir as publicacións relacionadas coa violencia de xénero

Palabra clave	Número de documentos	Palabra clave	Número de documentos
Violencia de género	727	violencia familiar	64
Gender violence	347	derechos humanos	62
Violencia	323	abuso sexual infantil	59
Género	303	adolescencia	58
violence	236	adolescentes	58
gender	211	medios de comunicación	58
mujeres	208	mujeres maltratadas	57
violence against women	157	violencia de pareja	56
abuso sexual	150	méxico	56
violencia doméstica	137	psicología	56
women	122	educación	55
Violencia sexual	119	femicide	53
mujer	108	igualdad	50
violencia contra las mujeres	106	sexismo	48
sexual abuse	104	feminism	47
violencia contra la mujer	97	violência	46
malos tratos	95	gênero	45
domestic violence	91	prevention	45
prevención	89	maltrato	44
sexual violence	88	femicide	21
feminicidio	85	patriarcado	42
gender based violence	78	familia	42
intimate partner violence	73	woman	39
feminismo	70	derecho	38
acoso sexual	69	sexualidad	38

Sobre o termo "feminicidio", este aparece por primeira vez en Dialnet no ano 1995, nun artigo de Michèle Dayras titulado *Choix du sexe de l'enfant: sexocide et féminicide*, publicado na revista francesa *Femmes et violences dans le monde*. O termo "femicidio" aparece por primeira vez tamén en 1995, no artigo *Socialización de género, violencia y femicidio*, de Monserrat Sagot, publicado na revista *Reflexiones*, de Costa Rica.

En WOS, a palabra "femicide" aparece por primeira vez en 1989, no artigo *Sex-determination and sex-preselection tests in India: modern techniques for feminicide*, de Vibhuti Patel, publicado no número de xaneiro a marzo da revista *Bulletin of Concerned Asian Scholars* e publicado tamén nese mesmo ano na revista *Reproductive and genetic engineering*.

Scopus recolle, ademais do artigo anterior, outro de 1989 titulado "*Intimate Femicide": effect of legislation and social services*", de K.D. Stout, publicado na revista *Affilia, Journal of Women and Social Work*.

A expresión "violencia patriarcal" aparece en WOS e en Scopus nun artigo publicado en 1979 na revista *International Journal of Health Services* titulado *Medicine and patriarchal violence: social construction of a private event*. En Dialnet atopamos esta expresión por primeira vez nun capítulo dun libro publicado en 1992, asinado por María Sánchez, titulado *Los malos tratos a la mujer y a la infancia: correlato de la violencia patriarcal*. Está incluído en *Otras lecciones de psicología*, editado por Maite Canal.


7. A VIOLENCIA DE XÉNERO NAS PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS GALEGAS

Se temos en consideración as institucións das que proceden os autores e autoras das publicacións relacionadas coa violencia de xénero, podemos analizar a presenza das institucións de investigación galegas nos resultados obtidos.

En WOS localizamos 55 publicacións asinadas por membros de algunha institución de investigación situada en Galicia. 35 dos documentos están vinculados á Universidade de Santiago de Compostela, 26 á Universidade de Vigo e 6 á Universidade da Coruña. A primeira publicación é do ano 2004.

En Scopus localizamos 18 publicacións vinculadas a institucións galegas: 12 asinadas por algún membro da Universidade de Vigo, 9 da Universidade de Santiago de Compostela, 2 da Universidade da Coruña, 1 do Instituto de Medicina Legal de Galicia e 1 do Complexo Hospitalario de Ourense. A primeira publicación é do ano 2011.

Gráfica 3. Número de documentos sobre violencia de xénero asinados por membros de institucións galegas, indexados en WOS e Scopus, por ano de publicación



Por ámbitos temáticos, Scopus clasifica a maior parte dos documentos nas ciencias sociais (9), psicoloxía (7) e medicina (6). En menor medida, aparecen como ámbitos de estudio as artes e humanidades, a contabilidade e xestión de empresas, e as profesións sanitarias.

En relación coas palabras clave empregadas para describir estes documentos, en Scopus estas non difiren das empregadas no conxunto dos documentos (*female, human, gender violence, male adult, intimate partner violence, violence, aged, child sexual abuse, domestic violence, gender...*).

8. PUBLICACIÓNS DESTACADAS

Queremos destacar neste apartado algúns dos traballos localizados nas tres bases de datos empregadas. En primeiro lugar, os artigos que teñen sido citados máis veces ata o momento nas bases de datos Web of Science e Scopus. A continuación, as publicacións indexadas en WOS e Scopus asinadas por autores e autoras procedentes da Universidade de Vigo, e para finalizar, os traballos recollidos en Dialnet que foron publicados en galego.

Táboa 8. As 5 publicacións relacionadas coa violencia de xénero que teñen acadado un maior número de citas ata o momento nas bases de datos WOS e Scopus

Publicación	Número de citas en WOS	Número de citas en Scopus
Prevalence of intimate partner violence: findings from the WHO multi-country study on women's health and domestic violence Garcia-Moreno, Claudia; Jansen, Henrica A. F. M.; Ellsberg, Mary; et ál.. LANCET Volume: 368 Número: 9543 Páx: 1260-1269 Publicación: outubro 2006	1255	1352
Physical and mental health effects of intimate partner violence for men and women Coker, AL; Davis, KE; Arias, I; et ál.. AMERICAN JOURNAL OF PREVENTIVE MEDICINE Volume: 23 Número: 4 Páx: 260-268 Publicación: novembro 2002	1090	1208
PATRIARCHAL TERRORISM AND COMMON COUPLE VIOLENCE – 2 FORMS OF VIOLENCE AGAINST WOMEN NISON, MP Conferencia: 1993 Conference on the Family and the Status of Women Ubicación: HO CHI MINH CITY, VIETNAM Ano: 1993 JOURNAL OF MARRIAGE AND THE FAMILY Volume: 57 Número: 2 Páx: 283-294 Publicación: Maio de 1995	1012	--
CONTROLLING OTHER PEOPLE - THE IMPACT OF POWER ON STEREOTYPING FISKE, ST Conferencia: 100TH ANNUAL CONVENTION OF THE AMERICAN PSYCHOLOGICAL ASSOC Ubicación: WASHINGTON, DC Data: agosto, 1992 AMERICAN PSYCHOLOGIST Volume: 48 Número: 6 Páx: 621-628 Publicación: xuño de 1993	955	1031
Males on the life-course-persistent and adolescence-limited antisocial pathways: Follow-up at age 26 years Moffitt, TE; Caspi, A; Harrington, H; et ál.. DEVELOPMENT AND PSYCHOPATHOLOGY Volume: 14 Número: 1 Páx: 179-207 Publicación: inverno 2002	939	1037

Táboa 9. Publicacións sobre violencia de xénero asinadas por membros da Universidade de Vigo indexadas en WOS e Scopus

Creation and Validation of a Forensic Protocol to Assess Psychological Harm in Battered Women Arce, Ramon, Francisca Farina, Alicia Carballal, and Mercedes Novo 2009. Psicothema 21 (2): 241-247
Discriminating Real Victims from Feigners of Psychological Injury in Gender Violence: Validating a Protocol for Forensic Settings Vilarino, Manuel, Francisca Farina, and Ramon Arce 2009. European Journal of Psychology Applied to Legal Context 1 (2): 221-243
Diseño E Implementación Del Programa Galicia De Reeducación De Maltratadores: Una Respuesta Psicosocial a Una Necesidad Social Y Penitenciaria Arce, Ramón and Francisca Fariña 2010. Psychosocial Intervention 19 (2): 153-166
Contraste De La Efectividad Del CBCA En La Evaluación De La Credibilidad En Casos De Violencia De Género Arce, Ramón, Francisca Fariña, and Manuel Vilariño 2010. Psychosocial Intervention 19 (2): 109-119

Project of Love, Fear and Power: Professionals' Discourses about Gender Violence in Portugal
 Fernandez, M. L., M. J. Magalhaes, and Y. Rodriguez Castro
 2011. Journal of Sexual Medicine 8: 291

Organizaçao E Funcionamento Duma Casa De Abrigo De Solidariedade Social
 Magalhaes, Maria Jose, Carminda Morais, and Yolanda Rodriguez Castro
 2011. Psicologia & Sociedade 23 (3): 598-607

Toward a More Comprehensive Understanding of Bullying in School Settings
 Victoria Carrera, Maria, Renee DePalma, and Maria Lameiras
 2011. Educational Psychology Review 23 (4): 479-499

Contrasting Effectiveness in the Detection of Fabricated Statements of the Global Evaluation System Validity Criteria in Cases of Violence Against Women
 Arce, Ramon, Francisca Farina, Mercedes Novo, and Manuel Vilarino
 2013. Coleccion Psicologia Y Ley., edited by Exposito, F ValorSegura, I Vilarino, M Palmer, A.

Comparison between a General Categorical Model (Cbca) and Other One Specific (Ges) through the Study of the Incremental Validity in the Discrimination of Reality and Simulation in Gender Violence Cases
 Arce, Ramon, Francisca Farina, and Dolores Seijo
 2013. Coleccion Psicologia Y Ley., edited by Exposito, F ValorSegura, I Vilarino, M Palmer,A.

The Standar of Inadaptation in Witness Children of Family Violence
 Carracedo, Sandra, Maria Jose Vazquez, Dolores Seijo, and Laila Mohamed-Mohand
 2013. Coleccion Psicologia Y Ley., edited by Exposito, F ValorSegura, I Vilarino, M Palmer,A.

Bullying among Spanish Secondary Education Students: The Role of Gender Traits, Sexism, and Homophobia
 Carrera-Fernandez, Maria-Victoria, Maria Lameiras-Fernandez, Yolanda Rodriguez-Castro, and Pablo Vallejo-Medina
 2013. Journal of Interpersonal Violence 28 (14): 2915-2940

Daño psicológico en casos de víctimas de violencia de género: Estudio comparativo de las evaluaciones forenses
 Arce, R., Fariña, F., & Vilariño, M.
 2015. Revista Iberoamericana de Psicología y Salud, 6(2), 72-80

Consumption of Prostitution and Construction of Contemporary Masculinities in Spain
 Gomez Suarez, Agueda, David Casado-Neira, and Silvia Perez Freire
 2015. Revista Colombiana De Ciencias Sociales 6 (1): 34-58

Violence in Transsexual, Transgender and Intersex Couples: A Systematic Review
 Rodriguez Otero, Luis Manuel, Maria Victoria Carrera Fernandez, Maria Lameiras Fernandez, and Yolanda Rodriguez Castro
 2015. Saude E Sociedade 24 (3): 914-935

Towards the Specialization of Public Service Interpreters in the Area of Gender-Based Violence. Research, Training and Professionalization
 Toledano Buendia, Carmen, Maria Isabel Abril Marti, Maribel del Pozo Trivino, and Laura Aguilera Avila
 2015. Monti: 139-160

Compeled Identities in Gender Violence: The Simulated Victim
 Casado-Neira, David and Maria Martinez
 2016 Politica Y Sociedad 53 (3): 879-895

Elderly Victims of Gender Violence in Portugal: Invisible and Not Heard?
 Jose Magalhaes, Maria, Yolanda Rodriguez Castro, Patricia Alonso Ruido, and Rita DeOliveira Braga Lopez
 2016. Health Care for Women International 37 (12): 1304-1319

Estimating the Epidemiology and Quantifying the Damages of Parental Separation in Children and Adolescents
 Seijo, Dolores, Francisca Farina, Tania Corras, Mercedes Novo, and Ramon Arce
 2016. Frontiers in Psychology 7: 1611

Vindicting Sycorax's Anti-Colonial Voice. an Overview of some Postcolonial Re-Writings from the Tempest to Indigo
 Vazquez Bouzo, Xiana
 2016. Lectora-Revista De Dones i Textualitat 22: 185-198

Impact and Prevalence of Irrational Beliefs in Intimate Partner Batterers
 Arias, Esther, Mercedes Novo, Francisca Farina, and Ramon Arce
 2017. Coleccion Psicologia Y Ley., edited by C. Novo Bringas M. Vol. 14

Features and Consequences of Gender Violence: Study of Cases Confirmed by a Conviction
 Dominguez Fernández, M., I. M. Martínez Silva, F. Vázquez-Portomeñe, and M. S. Rodríguez Calvo
 2017. Revista Espanola De Medicina Legal 43 (3): 115-122

Analysis of Self-Concept in Victims of Gender Based Violence among Adolescents. Penado Abilleira, M. and M. L. Rodicio-García
 2017. Suma Psicologica 24 (2): 107-114

Multidisciplinary Dialogue in Gender Violence: Legal Professionals and Interpreters

Borja Albi, Anabel and Maribel Del Pozo Trivino

2018. Revista De Llengua i Dret-Journal of Language and Law (69): 103-118

Children Exposed to Intimate Partner Violence: Impact Assessment and Guidelines for Intervention

Carracedo, Sandra, Francisca Farina, and Dolores Seijo

2018. Revista De Psicología Clínica Con Niños Y Adolescentes 5 (3): 16-22

What Public-Service Agents Think Interpreters should Know to Work with Gender Violence Victims. the 'Speak Out for Support' (SOS-VICS) Project

Del Pozo-Trivino, Maribel and Doris Fernandes del Pozo

2018. Sendebar-Revista De Traducción E Interpretación (29): 9-33

Creencias y actitudes del alumnado universitario hacia la violencia de género

Diéguez Méndez, R., I. M. Martínez-Silva, M. Medrano Varela, and M. S. Rodríguez-Calvo

2018. Educación Médica [en prensa]

El abuso sexual infantil: Opinión de los/as profesionales en contextos educativos

Fontarigo, R. R., Pérez-Lahoz, V., & González-Rodríguez, R.

2018. Prisma Social, (23), 46-65

Objectifying Women's Bodies is Acceptable from an Intimate Perpetrator, at Least for Female Sexists

Lameiras-Fernandez, María, Susan T. Fiske, Antonio Gonzalez Fernandez, and Jose F. Lopez

2018. Sex Roles 79 (3-4): 190-205

Development and Validation of an Adolescent Gender-Based Violence Scale (ESVIGA)

Penado-Abilleira, María and María Luisa Rodicio-García

2018. Anuario De Psicología Jurídica 28 (1): 49-57

Prevention of Gender Violence and Working Against LGBT Prejudices: The Intersection between Collective Action and Institutional Dynamics

Rosa, Fernando Andre, María Jose Magalhaes, Yolanda Rodriguez-Castro, and Rita Lopez

2018. International Journal of Iberian Studies 31 (1): 45-61

Psychological Harm in Women Victims of Intimate Partner Violence: Epidemiology and Quantification of Injury in Mental Health Markers

Vilarino, Manuel, Barbara G. Amado, María J. Vazquez, and Ramón Arce

2018. Psychosocial Intervention 27 (3): 145-152

Táboa 10. Documentos en galego sobre violencia de xénero indexados en Dialnet

Campaña feminista contra a violencia machista

Isaura Graña

Andaina: revista do Movemento Feminista Galego, Nº. 18, 1989, páxs. 2-3

En favor de "Violéncia machista"

Nanina Santos Castroviejo

Andaina: revista do Movemento Feminista Galego, Nº. 27, 2000, páxs. 31-35

Non o quero nin pensar ... sobre o abuso sexual infantil e xuvenil

Mercedes Oliveira Malvar

Festa da palabra silenciada, ISSN 1139-4854, Nº. 23, 2007 (Exemplar dedicado a: Violencia), páxs. 53-58

Femicidio: un fenómeno global

María Jesús Alonso Seoane, Catarina L. Cardoso Braza, Diana C. Sepúlveda Bolaños

Revista galega de ciencias sociais, ISSN 1695-6427, Nº. 7, 2008, páxs. 133-148

Violencia familiar de fillos a pais

Sonia Seijas Sánchez

Revista galega de traballo social, ISSN 1698-5087, Nº. 12, 2009, páxs. 59-82

A violencia de xénero na axenda pública española: unha aproximación desde o modelo de Kingdon

Ignacio Ortega Fructuoso

Administración & cidadanía: revista da Escola Galega de Administración Pública, ISSN-e 1887-0279, Vol. 4, Nº. 2, 2009, páxs. 65-79

Violencia sexual en mulleres e homes: estudo preliminar

Encarnación Sueiro Domínguez, José Luis Diéguez Ruibal, Antonio López Castedo

Psicoloxía clínica: anuario, ISSN-e 1889-1187, Nº. 3, 2009 (Exemplar dedicado a: A Psicoloxía Clínica para a Galicia do futuro), páxs. 543-551

Guía técnica do proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero

Xunta de Galicia, Servizo Galego de Saúde, 2010

Identidade feminina, amor, violencia e feminicidio na actualidade

Manuel Fernández Blanco

A Trabe de ouro: publicación galega de pensamento crítico, ISSN 1130-2674, Nº. 92, 2012, páxs. 39-49

Agora, um filme sobre a violéncia de género articulada a partir de umha ordem social amparada pola relixom; e de legitimaçom da dominaçom masculina

Rosário Fernández Velho

As mulleres na historia de Galicia / coord. por Miguel García-Fernández, Silvia Cernadas Martínez, Aurora Ballesteros Fernández, Vol. 2, 2012 (CD), ISBN 978-84-8408-647-5, pág. 7

Inmigración e violencia de xénero

Carmen Verde Diego

II Xornada Universitaria Galega en Xénero / Ana Jesús López Díaz (ed. lit.), Anabel González Penín (ed. lit.), Eva Aguayo Lorenzo (ed. lit.), 2014, ISBN 978-84-9749-599-8, páxs. 275-287

Políticas da performance no espazo urbano: arte contra a violencia machista, 24 de outubro de 2014

Anabel González Penín, Carlos Tejo

Universidade de Vigo : Universidade de Vigo, Unidade de Igualdade, 2014. ISBN 978-84-8158-662-6

Personalidade, sexo, droga e smartphone

María Carou

Anuario Psicoloxía e Saúde: Revista Oficial da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, ISSN-e 2444-6653, Nº. 7, 2014 (Exemplar dedicado a: O medo), páxs. 89-95

A incidencia da lei orgánica de violencia de xénero no ámbito penal: Estase a respectar o principio de igualdade?

María-Ángeles Fuentes-Loureiro

Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, ISSN 1138-039X, ISSN-e 2530-6324, Nº 19, 2015, páxs. 373-390

Identificar a indefensión aprendida como causa da pasividade en personas con discapacidade

María Fernanda Arrojo Novoa

Revista galega de traballo social, ISSN 1698-5087, Nº. 18, 1, 2015, páxs. 99-123

Violencia de xénero : procedemento de intervención en saúde

Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, 2016

Violencia de xénero e menores: situación actual e modificacóns lexislativas recentes en España

Ana María Rodríguez González

Revista galega de traballo social, ISSN 1698-5087, Nº. 19, 2016, páxs. 9-20

A educación do ocio nos procesos de recuperación da violencia de xénero: Un estudio de caso : A Casa Malva de Xixón

Tania Merelas Iglesias

Tese de doutoramento dirixida por María Belén Caballo Villar (dir. tes.), Ana Sánchez Bello (codir. tes.). Universidade de Santiago de Compostela (2016)

Poesía (necesaria) contra os feminicidios: [Obituario], Rocío Leira, Concello de Negreira, 2016, 48 páginas

Miro Villar

Grial: revista galega de cultura, ISSN 0017-4181, Vol. 54, Nº. Extra 212, 2016 (Exemplar dedicado a: Historia e memoria do 36), páxs. 88-89

Análise da identidade de xénero: a construcción da masculinidade na adolescencia

Rubén Torres Campelo

Tese de doutoramento dirixida por María José Méndez Lois (dir. tes.). Universidade de Santiago de Compostela (2016)

Análise da conduta antisocial nos adolescentes expostos á violencia familiar

Lorena Maneiro Boo, José Antonio Gómez Fraguela, Jorge Sobral Fernández

Cadernos de psicoloxía, ISSN 0213-5973, Nº. 35, 2017, páxs. 99-114

Diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo

María Lameiras Fernández, Yolanda Rodríguez Castro, María Victoria Carrera Fernández; Patricia Alonso Ruido (col.), Rosana Martínez Román (col.)

Universidade de Vigo, 2018. ISBN 978-84-8158-797-5

Feminicidio: unha nova orde patriarcal en tempos de submisión

Carme Adán

Grupo Planeta, 2018. ISBN 978-84-9151-257-8

Conceptualizar a violencia contra as mulleres: Unha reflexión epistemolóxica pendente?

Carme Adán Villamarín

Quorum: revista de artes, letras e ciencias sociais e xurídicas, ISSN 2659-3416, Nº. 1, 2018, páxs. 7-26

Tripulando a igualdade: Unha víaxe para o fomento da igualdade de xénero e a prevención da violencia

Helga Vázquez Regueira

Eduga: revista galega do ensino, ISSN-e 2171-6595, Nº. 76, 2018

ADÁN VILLAMARÍN, C.: **Femicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión**, Galaxia, col. Feminismos, Vigo, 2018, 186p.
Africa López Souto
Agora: Papeles de filosofía, ISSN 0211-6642, Vol. 38, Nº 2, 2019, páxs. 211-214

A institucionalización da violencia sexual na transición á democracia
Enya Antelo Alvite
Semata: Ciencias sociais e humanidades, ISSN 1137-9669, Nº 31, 2019, páxs. 89-108

ÍNDICE DE TÁBOAS E GRÁFICAS

Táboas

Táboa 1. Número de documentos relacionados coa violencia de xénero indexados en Web of Science, Scopus e Dialnet, por ano de publicación

Táboa 2. Número e porcentaxe de documentos relacionados coa violencia de xénero indexados en Scopus por país de afiliación de autores e autoras, número e porcentaxe da totalidade dos documentos, e diferenza entre as dúas porcentaxes

Táboa 3. Categorías de Web of Science nas que a base de datos clasifica as publicacións relacionadas coa violencia de xénero. Nesta táboa recollemos as 30 áreas con maior número de documentos.

Táboa 4. Áreas de Scopus nas que a base de datos clasifica as publicacións relacionadas coa violencia de xénero

Táboa 5. Ámbitos de Dialnet nos que están clasificadas as publicacións sobre violencia de xénero

Táboa 6. As 50 palabras clave más empregadas en Scopus para describir as publicacións relacionadas coa violencia de xénero

Táboa 7. As 50 palabras clave más empregadas en Dialnet para describir as publicacións relacionadas coa violencia de xénero

Táboa 8. As 5 publicacións relacionadas coa violencia de xénero que teñen acadado un maior número de citas ata o momento nas bases de datos WOS e Scopus

Táboa 9. Publicacións sobre violencia de xénero asinadas por membros da Universidade de Vigo indexadas en WOS e Scopus

Táboa 10. Publicacións en galego sobre violencia de xénero indexadas en Dialnet

Gráficas

Gráfica 1. Evolución anual dos documentos relacionados coa violencia de xénero indexados en Web of Science, Scopus e Dialnet a partir de 1992

Gráfica 2. Distribución por países das publicacións sobre violencia machista indexadas en Scopus

Gráfica 3. Número de documentos sobre violencia de xénero asinados por membros de institucións galegas, indexados en WOS e Scopus, por ano de publicación

